

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS

### 1. DATOS PERSONAIS

D/Dna.		DNI/CIF	
Domicilio a efectos de notificación		Municipio/Provincia	
En representación da Comisión de Festas, Agrupación ou Asociación:			
Teléfono:		E-mail:	

### 2. OBXECTO DA DECLARACIÓN

Descrición da actividade, segundo o Anexo do Decreto 160/2015 (\*) :

Código do Anexo do Decreto 160/2015 (\*) :

EMPRAZAMENTO (REFERENCIA CATATASTRAL): \_\_\_\_\_

TITULARIDADE:	PÚBLICA	<input type="checkbox"/>
	PRIVADA	<input type="checkbox"/>

A ACTIVIDADE REALIZARASE EN ESPAZOS:

<input type="checkbox"/>	Abertos ao aire libre e cunha asistencia prevista superior/non superior a 20.000 persoas
<input type="checkbox"/>	Pechados cun aforo previsto superior/non superior a 2.000 persoas
<input type="checkbox"/>	Pechados cun aforo previsto superior/non superior a 2.500 persoas

SI	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>	ORQUESTRAS
SI	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>	ATRACCIÓNS DE FEIRA OU INCHABLES
SI	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>	CARPAS
SI	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>	FOGOS DE ARTIFICIO

OUTRO TIPO DE INSTALACIÓN QUE PRECISE MONTAXE \_\_\_\_\_

A ACTIVIDADE TEN CARÁCTER:	PERMANENTE	Data de inicio:	
	TEMPORAL	Duración:	Título da actividade permanente:
	VERBENA POPULAR	Duración:	

### **3. DOCUMENTACIÓN ACHEGADA**

#### **3.1. DOCUMENTACIÓN XERAL**

	Autorización, informe ou declaración ambiental que proceda
	Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade (redactados e asinados pola persoa técnica competente)
	Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio e recibo de pago
	<b>DT3º Lei 10/2017</b> (Capitais mínimos a cubrir polas pólizas de seguro en función da capacidade do evento ou actividade): a) Ata 100 persoas: 300.000 euros de capital asegurado b) Ata 150 persoas: 400.000 euros de capital asegurado c) Ata 300 persoas: 600.000 euros de capital asegurado d) Ata 500 persoas: 750.000 euros de capital asegurado e) Ata 1.000 persoas: 900.000 euros de capital asegurado f) Ata 1.500 persoas: 1.200.000 euros de capital asegurado g) Ata 2.500 persoas: 1.600.000 euros de capital asegurado h) Ata 5.000 persoas: 2.000.000 euros de capital asegurado i) Cando o aforo sexa superior ao mencionado no apartado h), a cantidade mínima de capital asegurado incrementarase en 60.000 euros por casa 1.000 persoas o fracción de aforo superior de 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 de euros.
	Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto
	Documento acreditativo asinado pola parte interesada da designación da persoa física ou xurídica que vai asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto.
	Certificado de instalación de baixa tensión á rede.
	Plano da situación
	Programa das actividades que se van a realizar e as súas características
	Compromiso de contratación do seguro de responsabilidade civil (só para festas ou verbenas populares organizadas por agrupacións ou AA.VV ou Comisións de festas)
	Outros:

#### **3.2. DOCUMENTACIÓN PRECISA PARA MONTAXE DE ESTRUCTURAS PERMANENTES DESMONTABLES**

	Documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que vai asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.
	O marcado CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que corresponden segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede
	Permiso de circulación e ITV en vigor de cabeza tractora e remolque (para o caso de escenarios móbiles)
	Outros:

### **4. CÁLCULO DO AFORO**

HABITANTES DO LUGAR E DA PARROQUIA	AFORO ANOS ANTERIORES	AFORO PREVISTO

### **5. ENERXÍA ELÉCTRICA**

	Acometida á rede xeral
	Xenerador eléctrico
	Pequeno xenerador

O/a abaixo asinante declara:

Ser certos os datos achegados e orixinais ou copias da documentación adxunta, e que se compromete a cumprir coas especificacións anteriormente descritas para dar cumprimento así Lei 9/3013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia, así como o establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, ou calquera outra que lle sexa de aplicación, contado para iso coa documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o tempo inherente ao exercicio.

Do mesmo xeito, comprométese a cumprir con outras autorizacións e requisitos que sexan necesarios tales como a realización de pagos á Seguridade Xeral de Autores, alta na Seguridade Social e estar ao corrente de pago do persoal participante na actividade, formación no seu caso, en manipulación de alimentos nos postos que así o requiran, lexislación sobre bebidas alcohólicas, cumprimento de horarios ou calquera outro requisito ou autorización que por normativa sectorial se requira.

#### **INFORMACIÓN RELEVANTE DO PROCEDEMENTO**

Se para o desenvolvemento da actividade fose precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procede. Unha vez finalizada a obra, presentarase a declaración responsable para o inicio da actividade.

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2013.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.

A resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo de entre tres meses e un ano.

A persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo público ou actividade recreativa terá que comunicar á Administración competente as modificacións non substanciais, no prazo de quince días desde que tivesen lugar. Non obstante, no caso de cambio de titularidade, a comunicación, acompañada da documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberá efectuarse con anterioridade ao desenvolvemento da actividade pola nova persoa titular.

Quen exerza a titularidade das actividades / instalacións deberá:

- Garantir que se manterán as mesmas condicións que se tiñan cando estas foron iniciadas, así como adaptarse ás novas condicións que posteriores normativas establezan.
- Comunicar ao órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo nas condicións ou as características da actividade ou da instalación.
- Será, en todo caso, necesaria unha nova declaración nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais ou instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.
- Unha copia selada da presente declaración deberá de estar a disposición e exhibila en caso de que o requira a autoridade competente.

Conforme á DA 4ª da Lei 9/2013 as festas e verbenas populares organizadas por agrupacións de veciños ou asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán para a súa celebración a presentación dunha declaración responsable na que se relate o programa das actividades que se van realizar e as súas características, debendo achegar o compromiso de contratación do seguro de responsabilidade civil previsto na Lei 10/2017 ou documentación acreditativa daquel. No caso de que estas actividades preveñan a montaxe de instalacións sometidas ao réxime de declaración responsable ou licenza segundos o artigos 40 e 42 quinquies da Lei 9/2013, estas, xunto coa documentación acreditativa esixida polos ditos artigos será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación.

Sinatura e data

#### LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido no art. 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e en todos os casos nos que a correspondente documentación estea ou deba estar na Administración, insta a que se incorpore de oficio ao expediente testemuñas daqueles. Por iso préstase consentimento ao Concello de Fene para se poidan consultar e transmitir cantos datos resulten precisos para comprobar a veracidade dos datos expostos ou comunicados, sen prexuízo das restricións que establezan as normas de aplicación. No caso de que se opoña a este consentimento debe indicalo aquí:

Asinado: \_\_\_\_\_

#### Información sobre protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE FENE, con dirección PRAZA DO ALCALDE RAMON SOUTO GONZALEZ S/N, 15500 - FENE (A CORUÑA); [SECRETARIA@FENE.GAL](mailto:SECRETARIA@FENE.GAL).

- 1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE FENE é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en [SECRETARIA@FENE.GAL](mailto:SECRETARIA@FENE.GAL).
- 2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.
- 3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.
- 4.- destinatarios de cesións: CONCELLO DE FENE non cederá os seus datos de carácter persoal.
- 5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. CONCELLO DE FENE dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en [SECRETARIA@FENE.GAL](mailto:SECRETARIA@FENE.GAL), sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

**CÓDIGOS DO ANEXO DO DECRETO 160/2015 (\*)  
CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS**

1. **ESPECTÁCULOS PÚBLICOS**
  - 1.1. Espectáculos Cinematográficos
    - 1.1.1. Cines tradicionais
    - 1.1.2. Multicines
    - 1.1.3. Cines de verán ou ao aire libre
    - 1.1.4. Autocines
  - 1.2. Espectáculos teatrais e musicais
    - 1.2.1. Teatros
    - 1.2.2. Teatros ao aire libre ou eventuais
    - 1.2.3. Auditorios
    - 1.2.4. Auditorios ao aire libre e eventuais
    - 1.2.5. Salas de actuación
  - 1.3. Espectáculos Taurinos
  - 1.4. Espectáculos Circenses
    - 1.4.1. Circos
  - 1.5. Espectáculos Feirais
    - 1.5.1. Recintos feirais
2. **ACTIVIDADES RECREATIVAS**
  - 2.1. Actividades culturais e sociais
    - 2.1.1. Museos
    - 2.1.2. Bibliotecas
    - 2.1.3. Bibliotecas móbiles
    - 2.1.4. Ludotecas
    - 2.1.5. Videotecas
    - 2.1.6. Hemerotecas
    - 2.1.7. Salas de conferencia
    - 2.1.8. Salas de exposicións
    - 2.1.9. Salas polivalentes e multiusos
    - 2.1.10. Salas dedicadas á celebración de cineclubs
    - 2.1.11. Pazos de exposicións e congresos
  - 2.2. Actividades recreativas destinadas aos menores
    - 2.2.1. Centros de ocio infantil
    - 2.2.2. Áreas de xogo en centros comerciais
    - 2.2.3. Áreas de xogo con aparellos de uso infantil
  - 2.3. Actividades Deportivas
    - 2.3.1. Estadios deportivos
    - 2.3.2. Pavillóns deportivos
    - 2.3.3. Recintos deportivos
    - 2.3.4. Pistas de patinaxe
    - 2.3.5. Ximnasio
    - 2.3.6. Piscinas de competición
    - 2.3.7. Piscinas recreativas de uso colectivo
    - 2.3.8. Vías públicas usadas para probas deportivas
    - 2.3.9. Establecementos de actividades e espectáculos deportivos
  - 2.4. Parques de atraccións e atraccións recreativas
    - 2.4.1. Parques de atraccións e temáticos
    - 2.4.2. Parques acuáticos
  - 2.5. Actividades recreativas e de azar
    - 2.5.1. Casinos de xogo
    - 2.5.2. Salas de bingo
    - 2.5.3. Salóns de xogo de máquinas de azar
    - 2.5.4. Salóns recreativos de máquinas de azar
    - 2.5.5. Hipódromos
    - 2.5.6. Tómbolas e similares
    - 2.5.7. Locais de apostas
    - 2.5.8. Puntos de venda de lotaría
  - 2.6. Actividades de ocio e entretemento
    - 2.6.1. Salas de festa
    - 2.6.2. Discotecas
    - 2.6.3. Salas de baile
    - 2.6.4. Pubs
    - 2.6.5. Kárate
    - 2.6.6. Cibercafé, salóns ciber e similares
    - 2.6.7. De exhibicións especiais
    - 2.6.8. Tablaos flamencos
    - 2.6.9. Café-teatro, café-concerto, café-cancante
  - 2.7. Actividades de restauración
    - 2.7.1. Restaurantes
    - 2.7.2. Bar, café-bar
    - 2.7.3. Cafetería
    - 2.7.4. Locais de restauración con horario especial
  - 2.8. Exhibición de animais
    - 2.8.1. Zoolóxicos
    - 2.8.2. Acuarios
    - 2.8.3. Recintos de exhibición cabalar e outros especiais
  - 2.9. Festexos e celebracións populares
    - 2.9.1. Solta de novelos
    - 2.9.2. Verbenas e festas populares
    - 2.9.3. Carrilanas